

en Santiago de Compostela

do 9 ao 17
de outubro

XXVI festival internacional

GALICREQUES

2021

www.galicreques.gal



Sábado 09

Venres 08 ás 18:30 h /
CSC Romaño
Habib Zahra e Valeria Rey
Soto (Brasil)
*O día em que a Morte
sambou*

12:00 h / **CSC Vite**
Proyecto Caravana
(Aragón)
Versos en tu ventana

12:30 h / **Alameda**
Pasarrúas
Troula Animación (Galiza)
Psychodelia

13:00 h / **Alameda**
Raquel Queizás (Galiza)
Travesías

13:00 h / **Praza Roxa**
Titiribici

14:00 h / **Praza do Toural**
Titiribici

18:00 h /
CSC Santa Marta
Caramuxo Teatro (Galiza)
*A nena que vivía nunha
caixa de mistos*

19:00 h / **Alameda**
Marionetas La Estrella
Les Magníficus

Domingo 10

12:30 h / **Praza Roxa**
Os Monifates (Galiza)
Percorrendo camiños

13:00 h / **Alameda**
Títeres Brincadeira
(Galiza)
*Contacontos de Libros
contentos*

12:00 h / **A Reixa -
Matrioska Tenda**
Beniko Tanaka (Xapón)
Rapazinho de carvão

17:00 h / **Praza do Toural**
Os Monifates (Galiza)
Percorrendo camiños

17:30 h / **Alameda**
Papabuis (Galiza)
Cantares das letras

18.30 h / **Paseo central
da Alameda**
Plansjet (Bélxica)
A danza das marionetas

Luns 11

de 9:00 h a 12:00 h e
de 15:00 h a 17:00 h /
Fundación SGAE
Obradoiro de sombras
Beniko Tanaka (adultos)

13:00 h / **Alameda**
Proyecto Caravana
(Aragón)
Versos en tu ventana

13:30 h / **Paseo central
da Alameda**
Plansjet (Bélxica)
La danza de las marionetas

17:00 h / **T. Principal**
Títeres Cachirulo (Galiza)
Xurásico perdido

18:00 h / **Alameda**
Marionetas La Estrella
Les Magníficus

Martes 12

13:00 h / **Alameda**
Ocelot Teatro (El Salvador)
Historia de un huevo perdido

17:00 h / **T. Principal**
Hugo e Inés (Perú)
Body Rhapsody

18:00 h / **Alameda**
Ruada
Títeres Cachirulo (Galiza)
As Xeneralas da Ulla

19:00 h / **Alameda**
Manu Mansilla (Argentina)
Títeres a cielo aberto



Mércores 13

10:30 h /
Fundación SGAE
Titerefue y Titiritainas
(Ecuador)
Diente de leche

11:30 h / **T. Principal**
Moving Compass
(Galiza-Francia)
Tacão

18:00 h / **Alameda**
Olga Abad (Galiza)
A viaxe de maruxiña

20:00 h / **T. Principal**
Moving Compass
(Galiza-Francia)
Tacão

Xoves 14

10:30 h /
Fundación SGAE
Titerefue y Titiritainas
(Ecuador)
Diente de leche

11:30 h / **T. Principal**
Títeres Alakrán (Galiza)
Desconexión

18:00 h / **Alameda**
Danthea Teatro (Galiza)
Cincenta

18:00 h / **CSC A Trisca**
Olga Abad (Galiza)
A viaxe de maruxiña

18:00 h / **CSC Ensanche**
Ocelot Teatro (El Salvador)
Te doy mis manos

18:00 h / **CSC Santa Marta**
Habib Zahra e Valeria Rey
Soto (Brasil)
O dia em que a Morte sambou

20:00 h / **T. Principal**
Títeres Alakrán (Galiza)
Desconexión

Venres 15

De 10.00 a 14.00 h /
Alameda
Obradoiro de obxectos de
Alba Grande (adultos)

10:30 h /
Fundación SGAE
Titerefue y Titiritainas
(Ecuador)
Diente de leche

11:30 h / **CSC Santa Marta**
Ocelot Teatro
(El Salvador)
Historia de un huevo perdido

11:30 h / **T. Principal**
A Xanela do Maxín
(Galiza)
Leonardo e os biosbardos

De 17:00 a 20:00 h /
Alameda
Obradoiro infantil
Vermiños con material
reciclado - El Trastero de
Lula

Sábado 16

18:00 h / **CSC Fontiñas**
Habib Zahra e Valeria Rey
Soto (Brasil)
*O día em que a Morte
sambou*

18:00 h / **CSC Santa Marta**
Ocelot Teatro
(El Salvador)
Te doy mis manos

20:00 h / **T. Principal**
A Xanela do Maxín
(Galiza)
Leonardo e os biosbardos

21:30 h / **Alameda**
Cabaré Galicreques
Desvío Cachivache

De 9.00 a 12.00 h /
Alameda
Obradoiro adultos
Teatro Dom Roberto

De 11:00 a 14:00 e
de 17:00 a 20:00 h /
Alameda
Obradoiro infantil
Vermiños con material
reciclado - El Trastero
de Lula

12:00 h / **CSC Conxo**
Habib Zahra e Valeria Rey
Soto (Brasil)
*O día em que a Morte
sambou*

13:30 h / **Alameda**
Titeres Cachirulo
(Cachimóbil) (Galiza)
A cabeza do dragón

17:00 h / **T. Principal**
Titerefue y Titiritainas
(Ecuador)
Diente de leche

18:00 h / **CSC Figueiras**
Spagueti Títeres (Galiza)
*Cinco historias para
unha man*

18:00 h / **Paseo central
da Alameda**
Plansjet (Bélxica)
La danza de las marionetas

18:30 h / **Alameda**
Marionetas Rui Sousa
(Portugal)
Fíos máxicos

19:00 h / **CSC A Gracia**
Habib Zahra e Valeria Rey
Soto (Brasil)
*O día em que a Morte
sambou*

20:00 h / **T. Principal**
Manu Mansilla (Arxentina)
Cóctel

Domingo 17

De 11:00 a 14:00 e
de 17:00 a 20:00 h /
Alameda
Obradoiro infantil
Vermiños con material
reciclado - El Trastero
de Lula

12:00 h /
CSC Castiñeiríño
Mircromina Teatro
(Galiza)
Cousas de casa

12:00 h / **Praza Roxa**
Os Monifates (Galiza)
Percorrendo camiños

13:00 h / **Alameda**
Marionetas Rui Sousa
(Portugal)
Fíos máxicos

13:30 h / **Paseo central
da Alameda**
Plansjet (Bélxica)
La danza de las marionetas

14:00 h / **Praza do Toural**
Os Monifates (Galiza)
Percorrendo camiños

17:00 h / **Alameda**
Manu Mansilla (Arxentina)
Títeres a cielo abierto

20:00 h / **T. Principal**
Hugo e Inés (Perú)
Body Rhapsody

PROGRAMACIÓN ESCOLAR 2021

Do 13 ao 15 de outubro

Previa reserva dos centros no:

- 981 801 237
- 667 771 147
- galicreques@titerescachirulo.com



Diente de Leche
Titerefue-Titiritainas (Ecuador)
Fundación SGAE
13, 14 e 15 de outubro ás 10.30 h

Tacão
Moving Compass (Galiza-Francia)
Teatro Principal
13 de outubro ás 11.30 h

Desconexión
Títeres Alakrán (Galiza)
Teatro Principal
14 de outubro ás 11.30 h

Leonardo e os Biosbardos
A Xanela do Maxín (Galiza)
Teatro Principal
15 de outubro ás 11.30 h

Historia de un huevo perdido
Ocelot Teatro (El Salvador)
CSC de Santa Marta
15 de outubro ás 11.30 h

DANTHEA TEATRO

14_18:00 h

Galiza

Cincenta

Idades recomendadas: A partir de 3 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: actor e manipulación de obxectos

Idioma: galego



O zapateiro real recibe todos os días calzado das persoas máis importantes do reino. Un día chegará ás súas mans un pequeno zapato de cristal cunha fantástica historia; trátase do fermoso zapato da moza Cincenta.

Ollos ben abertos para gozar dun espectáculo visual e musical onde o misterio e os dinosauros cobran vida para facer pasar unha experiencia única e moi argalleira. O famoso arqueólogo Florentino Amechuino descobre a Dino, un dinosauro do Xurásico moi peculiar que se mantivo oculto aos ollos do mundo a través dun curioso dispositivo evolutivo antropológico. Ante o asombro de Florentino, Dino revive. E a isto súmase un malvado chamado Katraska... que soña cun ovo misterioso atopado na Patagonia Arxentina. Unha viaxe chea de aventuras que nos transportará a un mundo fascinante.

11_17:00 h

MONICREQUES LAREI LARÁ E TÍTERES CACHIRULO

Galiza

Xurásico Perdido

Idades recomendadas: A partir de 3 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: variñas, monicreques

Idioma: galego

PAPABUIS

10_17:30 h

Galiza

Cantares das Letras

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 45 minutos

Técnica: espectáculo musical

Idioma: galego

Unha vez máis xuntamos a música e o teatro para conmemorar, nesta ocasión, as Letras Galegas. Faremos un percorrido pola súa historia lembrando a autores de anteriores anos e, por suposto, a razón pola que cada ano festexamos esta data. Todo isto co ton desenfadado e divertido que nos caracteriza.



Carlos Casares



Rosalía de Castro



Manuel María



Carvalho Alerio



MIRCROMINA TEATRO

17:12:00 h

Galiza

Cousas de casa

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 40 minutos

Técnica: monicreques de luva e variñas

Idioma: galego

Un espectáculo que realiza un percorrido por aqueles conceptos que nos permiten reflexionar acerca da igualdade entre mulleres e homes nos distintos ámbitos, con especial énfase na reincorporación profesional da muller despois de ser nai e a corresponsabilidade do home como pai nos coidados do novo membro da familia, o bebé. Unha divertida historia dun momento clave para Stela que, acabada a súa baixa por maternidade, terá que retomar a actividade profesional. Xurdiranlle dúbidas, medos e incertezas que, grazas ao Bebé e a Cromina, resolverá con sinxeleza e humor.





OLGA ABAD

Galiza

13_18:00 h

14_18:00 h


A viaxe de Maruxiña

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 40 minutos

Técnica: narración oral, manipulación de obxectos e ilustracións

Idioma: galego





Este contacontos trata o tema do xénero e da diversidade dunha maneira moi sinxela, contado a historia dunha osa que é de cor e vive nunha cidade onde a poboación son osas e osos brancos. Esta é a causa que fai que a protagonista, Maruxiña, se sinta moi diferente e inicie unha viaxe ata chegar ao Polo Norte. Alí atoparase case coa mesma situación do comezo. Entón descubrirá que pode sentirse libre alí onde estea e que a diversidade é parte da vida.

PROYECTO CARAVANA

Aragón

09_12:00 h

11_13:00 h



A catedrática Poesía e o seu bolseiro Poema veñen presentarnos unha particular exposición: unha colección de poemas e contos en verso que cobran vida dentro dos marcos dun vello museo. Para poñelo todo en orde será necesario recolocar aos versos nas súas xanelas, os monicreques nos retablos e as ilustracións sobre o escenario. Un espectáculo dinámico e participativo onde monicreques de luva, marottes, obxectos e máscaras conviven co clown-intelectual deste singular equipo de investigación que todo o rima.

Versos en tu ventana

Idades recomendadas:

Todos os públicos

Duración: 55 minutos

Técnica: monicreques, máscaras e clown

Idioma: castelán

FUNDACIÓN TITEREFUÉ E TITIRITAINAS

TEATRO DE TÍTERES

Ecuador

13_10:30 h

14_10:30 h

15_10:30 h

16_17:00 h

Diente de leche



Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 60 minutos

Técnica: monicreques de luva,
manipulación á vista e luz negra

Idioma: castelán

Unha noite moi clariña, un estraño artefacto voador atravesa o ceo do barrio de San Goloteo; o seu piloto é, nin máis nin menos, o famoso Rato Pérez, quen ten como misión xuntar os dentes de leite que as nenas e nenos deixan baixo as súas almofadas para convertelos en estrelas.

El e todos os ratiños que conforman a Compañía Pérez e Pérez, percorren as rúas, casas e barrios do mundo enteiro para levar a cabo a súa nobre tarefa de iluminar o firmamento. Chester e Bigotes, dous gatos caprichosos, andan detrás da súa pista, pois queren aquel tesouro para cambialo por luxos que todo gato soña con ter.

Un espectáculo familiar que invita ao público a interactuar a través de tres divertidas historias. Un monstro do centro da terra parece un terrorífico ser. Pero rapidamente descubriremos que, en realidade, é un sociable e tenro monstro alaranxado. Un cuadrilleiro chamado Perigo vén decidido a conquistar o mundo e buscará entre o público aos seus novos secuaces. Conseguirá atopar algún neno “malvado” que lle axude a concretar o seu maléfico plan ou será máis forte o desexo de protexer o noso planeta e os seres que viven nel? Manu e o seu monicreque, Luís, intentan poñerse de acordo sobre quen dos dous manda, un conflito clásico onde Luís ensinará a Manu a ver as cousas dende outro punto de vista.

MANU MANSILLA Y SU TEATRO DE TÍTERES ANTICOSTUMBRISTA

12_19:00 h

17_17:00 h

Argentina

Títeres a cielo abierto

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 60 minutos

Técnica: variña, mesa, bocóns

Idioma: castelán



MANU MANSILLA Y SU TEATRO DE TÍTERES ANTICOSTUMBRISTA

Arxentina

16_20:00 h

Cóctel

Idades recomendadas: A partir de 12 anos e adultos

Duración: 70 minutos

Técnica: variñas, mesa, bocóns, teatro de obxectos, monicreques corpóreos

Idioma: castelán

Cóctel está composto por catro historias. “Conversacións con Luís”: Monicreque e monicrequeiro charlan, intentan convivir. Rabechas adolescentes ou formulacións sumamente adultas, pero quen manda?

“Papalín”: Un paquete de panos na súa carreira por converterse en papel hixiénico, os conflitos dun adolescente en plena puberdade.

“A morte”: A osuda é quen abre este espectáculo: ao actor chegoulle a súa hora.

“Nely”: Ela sabe que é un monicreque, unha señora de barrio sinxela, tocada polos problemas cotiáns. O monicrequeiro improvisará e xogará co que brote a partir do público presente.



PLANSJET

Bélica

10_18.30 h

11_13.30 h

16_18.00 h

17_13.30 h

Mieke e Chris presentan un orixinal espectáculo popular de monicreques bailaríns. Son tallas de madeira, realizadas por eles mesmos, que cobran vida ao son dos variados instrumentos que tocan (gaita, frauta, tamboril, zanfona...). A rexión flamenca de Limbourg estará presente, representada por esta parella de artesáns, músicos e animadores de marionetas.

La danza de las marionetas

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 45 minutos

Técnica: fíos belgas

Idioma: castelán, musical

HABIB ZAHRA E VALERIA REY SOTO

Brasil-Galiza

O día em que a Morte sambou

Idades recomendadas: a partir de 5 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: sombras e música en directo

Idioma: portugués

08_18.30 h

14_18.00 h

15_18.00 h

16_12:00 h

16_19:00 h



O ancián vivía só, nunha casiña de adobe, do outro lado do río Tracunhaém. O que pode soar trágico para moitos, para el non é motivo de queixume, xa que ten a música, a danza e, sobre todo, unha conciencia aguda da súa profunda conexión co universo. Inspirada pola vivencia cos rapaces de Maracatu Rural e Cabalo Mariño, a obra busca reconstruír as concepcións negativas contemporáneas da vellez e da morte, e compartir un pouco da sabedoría que os autores atoparon na cultura popular da Zona da Mata de Pernambuco. Máis que todo, o espectáculo é unha celebración da vida e da morte, como parte esencial e indisoluble dela.



HUGO & INÉS

Perú

12_17.00 h

17_20.00 h

Body Rhapsody

Idades recomendadas:

A partir de 6 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: mimo e monicreques

Idioma: sen texto

É un desfile pintoresco de divertidos personaxes que, nos curtos momentos da súa existencia sobre a escena, pretenden atrapar aqueles pequenos momentos poéticos que se atopan agochados na vida cotiá. Estes personaxes, cos seus sonhos e frustracións, cos seus éxitos e fracasos, nárannos o eterno drama da traxicomedia humana...

TÍTERES CACHIRULO

12_18.00 h

Galiza

As Xeneralas da Ulla

Idades recomendadas: todos os públicos

Duración: 60 minutos

Técnica: marionetas articuladas de gran tamaño

Idioma: galego

Espectáculo que recrea o Entroido en Galicia.

Dúas xeneralas, e dúas co-reos, percorren as rúas dacobalo, dando vivas, cantando e facendo os seus atranques.

E despois imos da súa man facendo un percorrido polo Entroido en Galicia. Visitando máis de 20 localidades que nos mostrarán os seus personaxes e as características coas que cadaquén celebra estes días tan especiais.

TROULA ANIMACIÓN

Galiza

09_12.30 h

Espectáculo itinerante

Psychodelia

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 60 minutos

Técnica: musical, zancudos, marionetas e actores

Idioma: galego

A música envolve o teu corpo, a cor asolaga as rúas, espirais, círculos, e formas interminables enredan o teu pensamento... non podes mais que deixarte levar pola algarabía, pola troula, polas redes de... Psychodelia!



RAQUEL QUEIZÁS

09_13.00 h

Travesías

Galiza

Nome da compañía: Raquel Queizás

Idades recomendadas: A partir de 3 anos


Duración: 50 minutos

Técnica: narración oral con obxectos e monicreques

Idioma: galego

Agardan por nós viaxes cheas de aventuras nas que coñeceremos a nenas e mulleres bravas que loitaron contra os prexuízos para conseguir os seus soños.

Ata fai moi pouco tempo os contos infantís reflectían un mundo onde os mozos eran sempre os heroes que salvaban a unha débil princesa. E case nunca aparecían mozas decididas e resoltas. Pero agora podemos contar con contos que trasmiten valores de igualdade, de respecto e convivencia entre nenas e nenos e entre mulleres e homes. Mudemos o conto!



09 19.00 h
11 18.00 h

TEATRO DE MARIONETAS LA ESTRELLA

Valencia

Les Magníficus

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 55 minutos

Técnica: marionetas de fíos e actores

Idioma: castelán

A familia Magníficus viaxou polo mundo co seu teatro de marionetas durante máis de 2000 anos.

Ven a divertirte cos nosos temibles gladiadores, descobre a beleza da misteriosa Cleopatra, admira os poderes da médium Caspolina e déixache levar por un espectáculo cheo de sorpresas e emocións. Non perdas a oportunidade única de ver o espectáculo de marionetas máis antigo do mundo.



MOVING COMPASS

Galiza-Francia

13_11.30 h
13_20.00 h

Tacão

Idades recomendadas: A partir de 12 anos e adultos

Duración: 60 minutos

Técnica: máscara, teatro físico, mimo e música en directo

Idioma: galego

Unha cidade de faces ocultos enriba doutros baleiros. Grotescas máscaras sociais, prexuízos de caras en coro ríndose a gargalladas e, entre todas esas bocas que tanto vulgan, uns ollos, un corpo que se está a descubrir, un rapaz, Mawala.

Dende TACÃO queremos reflexionar sobre a liberdade na diversidade de xénero. Asunto que desexamos facer dende a arte, en concreto para xente nova e adolescente, e que nos leva tamén por outras cuestións que están arraigadas profundamente no contexto actual como son o *bullying*, a heteronorma, a intolerancia e o descoñecemento do xénero diverso. A peza pasa por elas co obxectivo de visibilizar todos estes conflitos e facerse preguntas sobre a identidade individual e social.

09_18.00 h

CARAMUXO TEATRO

Galiza

A nena que vivía nunha caixa de mistos

Idades recomendadas:


A partir de 3 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: actriz e monicreques

Idioma: galego

“A nena que vivía nunha caixa de mistos” é un novo espectáculo de Caramuxo Teatro, inspirado, no conto “A vendedora de mistos” de Andersen. Unha peza cunha linguaxe contemporánea e multidisciplinar e música en directo, que trata o tema da pobreza e a orfandade infantil, mais cunha mensaxe positiva, sobre o poder do cambio.



TÍTERES ALAKRÁN

Galiza

14_11.30 h

14_20.00 h

Desconexión

Idades recomendadas: A partir de 5 anos

Duración: 45 minutos

Técnica: monicreques de mesa

Idioma: galego

Unha familia hiperalienada coa tecnoloxía vive de costas á Natureza. A chegada do avó ao fogar producirá un cambio na súas rutinas. A nena, Carmela, ten que facer un traballo sobre os Castros. O avó faralle descubrir o Castro da Moura que hai a escasos metros da casa, nunha escapada do fogar en forma de aventura. A rapaza descubrirá un mundo preto dela descoñecido a causa do en-simesmamento tecnolóxico no que vive.

Obra teatral baseada no conto *Os Biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor.

Leonardo, no seu intento por integrarse e adaptarse a Auria fará por superar as probas que a cuadrilla da Roncolla lle obriga a realizar para formar parte da mesma. Entre tanto as galiñas están a desaparecer misteriosamente e é que na súa granxa outro drama se está a cocer... os raposos teñen atemorizados aos habitantes do galiñeiro cos temibles Biosbardos. A cambio da protección esixen a súa comida preferida: ovos de galiña. A través do acoso introdúcese a superación dos medos, racionais e irracionais. Non renderse, vencer as adversidades e plantarlle cara aos problemas como un medio para favorecer a educación integral das persoas.

15_11.30 h
15_20.00 h

A XANELA DO MAXÍN

Galiza

Leonardo e os Biosbardos

Idades recomendadas: A partir de 6 anos

Duración: 50 minutos

Técnica: máscaras, bunraku, sombras e mesa

Idioma: galego



OCELOT TEATRO

El Salvador

14_18.00 h

15_18.00 h

Te doy mis manos

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 50 minutos

Técnica: monicreques de luva

Idioma: castelán

A través do movemento poético dunhas mans, o artista crea varios personaxes que nos contarán historias sobre o nacer, a creación, a violencia, a envexa, a familia, a ecoloxía e a solidariedade.





OCELOT TEATRO

El Salvador

12_13.00 h

15_11.30 h

Mamá galiña está incubando un ovo porque quere ter un fillo. Sae un momento en busca de comida e nese instante un ladrón rouba o seu ovo e comeza a trama. Aparece un ancián acudindo á chamada de auxilio e, por medio de xogos e a axuda do público, tentará atrapar ao ladrón, recuperar o ovo e facer xustiza.

Historia de un huevo perdido

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 50 minutos

Técnica: monicreques de luva

Idioma: castelán

SPAGUETTI TÍTERES

16.18.00 h

Galiza

Cinco historias para unha man

Idades recomendadas: todos os públicos

Duración: 40 minutos

Técnica: luvas

Idioma: sen texto

Cinco pequenas obras mímicas. **O soño:** recolle as dificultades de Aníbal para conciliar o sono por culpa do “tic-tac” do reloxo, o zoar do mosquito... **A goteira:** parecía que todo estaba amañado, cando estaba a piques de conciliar o sono, de repente unha goteira comeza a súa rítmica melodía. **Historia con flores:** un neno traste dedícase a destruír as flores dun xardín, para evitalo será necesaria a intervención dun can gardián. **O impo:** dous amigos encóntranse despois de moito tempo. Ao darse unha aperta, a un empézalle un ataque de impo, así xuntos irán dando chimpos polo escenario. A obra que falta, **a quinta**, está intercalada entre as outras catro. Conta a historia das propias mans poñendo e quitando elementos escénicos, bailando, limpando... porque elas son realmente a alma dos monicreques.

10_12.00 h

BENIKO TANAKA

Xapón

Rapazinho de carvão

Idades recomendadas: A partir de 6 anos

Duración: 20 minutos

Técnica: sombras chinesas

Idioma: portugués

Teatro de sombras inspirado nun conto tradicional do Xapón. Nunha pequena aldea, un vello ferreiro enfróntase á dificultade de producir ferramentas eficientes para poder traballar a terra dura na rexión, xa que a temperatura do lume ten que ser moi alta. Misteriosamente, durante varios días aparecen troncos de árbores na súa porta. Máis tarde, o ancián descubrirá que foi un rapaz o que os trouxo, aconsellándolle: "Faga carbón con esta madeira, o lume será máis forte", e atopará con sorpresa como o neno conseguiu toda esa madeira.

OS MONIFATES

Galiza

10.12.30 h

10.17.00 h

17.12.00 h

17.14.00 h

Percorrendo camiños


Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 50 minutos

Técnica: música en directo, monicreques

Idioma: galego

Un peculiar carromato tirado por dous músicos ambulantes que percorren vilas e pobos cunha importante misión, a de mostrar a rica e variada música e instrumentación da cultura galega, nun formato distinto e orixinal. Nas súas viaxes fóronse sumando os máis diversos e peculiares bailaríns (monicreques danzantes), integrando así música e marionetas nun espectáculo pensado para toda a familia, marabillándonos coas historias dos seus personaxes.



15_21.30 h

CABARÉ GALICREQUES

Arxentina, Ecuador, Francia, Cataluña, Galicia

Un desvío preséntase no camiño, leva a un lugar no que os cacharros, trastos e monecos podemos expresar-nos libremente. O “Desvío Cachivache” apártase e nace para que os obxectos poidamos bailar! Queres tomalo? Unha gran variedade de artistas reúnense neste cabaré para presentarnos os diferentes mundos posibles dentro da arte do monicreque e a máscara.

Desvío Cachivache

Idades recomendadas: A partir de 12 anos e adultos

Duración: 80 minutos

Técnica: mixta

Idioma: galego e castelán

TÍTERES BRINCADEIRA

Galiza

10.13.00 h

Contacontos de libros contentos

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 50 minutos

Técnica: narración oral, monicreques e obxectos

Idioma: galego

Os libros da miña casa tolearon por completo. A cada un aconceulle un suceso increíble e via-xan nunha maleta de acá cara alá querendo contar cadaquén a súa historia. Hainos de todo tipo: tímidos, divertidos, intrépidos, deliciosos, pero... ai! Coidado e prudencia! Con cautela temos que escoitar algún dos seus relatos: cousas arrepiantes contan estes libros, pois de todo lles pasou...





16_18.30 h
17_13.00 h

MARIONETAS RUI SOUSA

Portugal

Fíos máxicos

Idades recomendadas: Todos os públicos

Duración: 40 minutos

Técnica: marionetas de fíos

Idioma: portugués

O son dunha harmónica, o tirón dalgúns fíos e a maxia acontece. Un monicreque cobra vida e despois seguen outros personaxes: un xardineiro que coida unha flor máxica. Un pavo real dourado coa súa fermosura voando, un vampiro apaixonado, un bailarín español coa poesía nos seus pasos de baile, un pequeno mono branco cos sonhos dun xigante, un guitarrista electrizante, un bailarín de hip-hop, entre outros. Un espectáculo de encantamento, onde nos leva a maxia dos movementos, a cor, a música e a acción.

TÍTERES CACHIRULO

16.13.30 h

Galiza

A cabeza do dragón

Idades recomendadas: todos os públicos

Duración: 55 minutos

Técnica: luva e variña

Idioma: galego

Adaptación para marionetas da obra de D. Ramón María del Valle-Inclán, "La cabeza del dragón".

O Príncipe Verdemar é desterrado do seu fogar e, coa axuda dun trasgo falca-trueiro, terá que loitar contra bandoleiros e mesmo contra o terrible dragón que ten apresada a filla do Rey Micomicón para poder retornar triunfante a casa.

PREMIO GALICREQUES 2021

O **Premio Galicreques** concédese a unha entidade, persoa ou compañía polo seu labor no mundo dos monicreques a través de proxectos que, aínda que no seu comezo puidesen parecer disparatados e efémeros, acabaron sendo soños conseguidos que nos favorecen a tod@s@s amantes das marionetas.

Este ano 2021 o galardoado é "Os Monicreques de Kukas. Marcelino de Santiago Viqueira (Kukas) e Isabel Rey fundadores dunha das compañías pioneiras no rexurdimento do teatro de figuras e monecos en Galiza.

Compañía recoñecida dentro e fóra das nosas fronteiras cun rico repertorio escénico que foi compaxinando textos propios e clásicos, así como o desenvolvemento dunha estética persoal e a creación de novas formas de entender a construción da marioneta como un ente vivo da escena.

Polas súas producións pasaron moitas persoas que adquiriron xunto a eles o bo facer desta arte escénica. Un dos seus máis recentes proxectos é a creación dun centro estable para o teatro de monicreques, "A casa dos Monicreques", onde albergar o seu legado, servir como plataforma para a nova produción e difusión do teatro de bonecos, figuras e obxectos, un espazo que coide do pasado e proxecte o futuro dunha expresión artística que eles contribuíron a dignificar e fortalecer.

Obradoiro Infantil de construción:

VERMIÑOS CON MATERIAL RECICLADO-EL TRASTERO DE LULA

Carpa da Alameda



Venres 15 de outubro,
de 17:00 h a 20:00 h

Sábado 16 de outubro,
de 11:00 h a 14:00 h e de 17:00 h a 20:00 h

Domingo 17 de outubro,
de 11:00 h a 14:00 h e de 17:00 h a 20:00 h

Inscripcións na carpa da alameda

Prezo: 3 € por neno/a

TEATRO DE SOMBRAS BASEADO NO CONTO XAPONÉS DE BENIKO TANAKA (XAPÓN)

Baseado nun conto Xaponés, imos imaxinar o mundo a través de personaxes procedentes de culturas e tradicións distintas. Imos crear os seus corpos en silueta e contar a historia a través da manipulación de marionetas que proxectan sombras. E, ao remate deste taller, faremos unha pequena representación.

1. Introducción á narrativa teatral e explicación do desenvolvemento
2. Descrición do personaxe
3. Construción de marionetas de figuras nipoas
4. Preparación para a representación en grupo
5. Presentación das escenas preparadas polos participantes utilizando as técnicas aprendidas no taller

Luns 11 de outubro
de 9:00 h a 12:00 h
e de 15:00 h a 17:00 h
Fundación SGAE
Tlfn. Inf.: 605 880 858

Unha introdución ao teatro de obxectos. Un contacto coa poesía dos obxectos, coas realidades que ocorren no simultáneo da vida, a través da observación, o xogo con obxectos, monigotes e da (des)composición dos nosos imaxinarios.

Pode que xogar de adultas con xoguetes xa non soe tan divertido coma cando eramos cativas. E se servira para localizar un vieiro co que chegar a unha parte profunda de ti mesma/o? Ou para activar os teus dons creativos a través da construción de imaxes e historias?

Cada participante trae 3 ou 5 obxectos, cos que teña algunha relación ou non, algunha relación de tipo práctica, ou utilitaria, ou emocional, ou mística. Tratar aquí de que as motivacións sexan diversas ao escoller os obxectos. Ademais, eu proporcionarei unha paisaxe miscelánea de obxectos. Tamén propostas de xogo que servirán para aquecer e establecer algúns códigos de xogo en común, que poden servir como detonadores e estruturas de referencia.

Con estes recursos preténdese suscitar a expresión particular de cada participante e acompañar as descubertas, as necesidades de xogo e a exposición persoal, que será opcional. No final do obradoiro cada persoa terá a oportunidade de ofrecer o seu instante de descuberta, algo do tempo de xogo ante o resto do grupo, que seremos o público.

LABORATORIO DE OBXECTOS DE ALBA GRANDE (GALIZA)

Venres 15 de outubro
de 10.00 h a 14.00 h
Carpa da Alameda
Tlfo. Inf.: 605 880 858





TEATRO DOM ROBERTO DE MARIONETAS RUI SOUSA (PORTUGAL)

OBRADOIRO ADULTOS

En 2010, Rui Sousa converteuse nun dos poucos marionetistas portugueses en representar funcións de Teatro Dom Roberto. Nestes últimos 11 anos, ten desenvolvido varios espectáculos baseados no cancionero popular e tradicional, tendo no seu repertorio 4 historias clásicas desta técnica secular de teatro de rúa. Neste obradoiro será posible aprender técnicas de manipulación, fala con palleta e trucos de escena. É unha excelente oportunidade para ensinar esta arte en terras do Barriga Verde.

Sábado 16 de outubro
de 9.00 h a 12.00 h
Carpa da Alameda
Tlfn. Inf.: 605 880 858

EXPOSICIÓN

Nesta exposición, vemos una serie de libros tratados plasticamente para que nos evoquen as historias de cada un deles. Cada libro acompáñase dun texto que narra o que lle aconteceu.

A mostra recibe o nome “Biblioteca de Libros Fantásticos” porque utilizamos a fantasía para crear as pezas que a compoñen. Intenta abrir unha porta ó fértil terreo da imaxinación. Animar aos visitantes a que inventen as súas aventuras arredor destes libros e fantasíen co que pode agardar tras os lombos dun libro do estante da súa biblioteca.

Do 1 ao 29 de outubro
Biblioteca Pública de Santiago
Ánxel Casal

BIBLIOTECA DE LIBROS FANTÁSTICOS DE CARMEN DOMECH



GALICREQUES NOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

A nena que vivía nunha caixa de mistos

Caramuxo Teatro

A viaxe de maruxiña

Olga Abad

Cinco historias para unha man

Spaguetti Títeres

Cousas de casa

Mircromina Teatro

Historia de un huevo perdido

Ocelot Teatro

O dia em que a Morte sambou

Habib Zahra e Valeria
Rey Soto

Rapazinho de carvão

Beniko Tanaka


Te doy mis manos

Ocelot Teatro

Versos en tu ventana

Proyecto Caravana

- 1 Teatro Principal
- 2 Praza das Praterías
- 3 Praza do Toural
- 4 Praza Roxa
- 5 Carpa do Parque da Alameda
- 6 Fundación SGAE
- 7 CSC Santa Marta
- 8 CSC Fontiñas
- 9 CSC Vite
- 10 CSC Conxo
- 11 CSC Castiñeiriño
- 12 CSC O Ensanche
- 13 CSC A Trisca
- 14 A Reixa-Matrioska Tenda
- 15 CSC Romaño (fóra do plano)
- 16 CSC Figueiras (fóra do plano)
- 17 CSC A Gracia (fóra do plano)





ENTRADAS E ESPAZOS

PREZOS

Teatro Principal:

1 entrada: 6 €

4 entradas para un mesmo espectáculo: 18 €

Reserva de entradas Teatro Principal

de 10:00 a 14:00 h no teléfono 667 771 147 e no email culturalbarrigaverde@gmail.com

Reserva de entradas nos centros socioculturais

No teléfono de cada centro (ver Espazos de Actuación)

Venda de entradas:

Teatro Principal

Días de función, dende unha hora antes do comezo do espectáculo.

<http://entradas.ataquilla.com>

Espectáculos de rúa, CSC e Carpa da Alameda*, de balde

*Non se fan reservas nin para os espectáculos de rúa nin para a carpa da Alameda

ESPAZOS DE ACTUACIÓN

- | **Teatro Principal.** Rúa Nova, 21.
- | **Fundación SGAE.** Rúa das Salvadas, 2A, Parque de Vista Alegre.
- | **CSC Santa Marta.** Rúa de Antonio Rama Seoane, 6. Tlfno. 981 543 017
- | **CSC A Trisca.** Corredoira das Fraguas, 92. Tlfno. 981 543 191
- | **CSC O Ensanche.** Frei Rosendo Salvado 14-16 baixo. Tlfno. 981 543 001
- | **CSC Fontiñas.** Rúa Berlín, 13. Tlfno. 981 528 750
- | **CSC Vite.** Rúa de Carlos Maside, 7. Tlfno. 981 542 490
- | **CSC Conxo.** Praza Aurelio Aguirre, 1 - Conxo. Tlfno. 981 528 740
- | **CSC Castiñeiriño.** Rúa Virxe de Fátima, 1. (Non fan reservas)
- | **CSC Romaño.** Travesa de Vista Alegre, 46. Tlfno. 981 543 005
- | **CSC Figueiras.** Rúa do Vencello, 37. Codesedas. Tlfno. 981 542 350
- | **CSC A Gracia.** Lugar San Silvestre, 6. Tlfno. 981 542 350
- | **A Reixa-Matrioska Tenda.** Rúa do Hórreo, 46.
- | **Carpa do Parque da Alameda** (paseo central)
- | **Praza do Toural**
- | **Praza Roxa**
- | **Praza das Praterías**



Máis información en **facebook**, **instagram**, **twitter** e **www.galicreques.gal**



www.galicroques.gal



[Galicroques Santiago](https://www.facebook.com/GalicroquesSantiago)



[@festivalgalicroques](https://www.instagram.com/festivalgalicroques)



[@Galicroques](https://twitter.com/Galicroques)



667 771147



galicroques@titerescachirulo.com

do 9 ao 17 de outubro
XXVI festival internacional

GALICREQUES

2021

Organiza:



Asociación Cultural
Barriga Verde

www.galicroques.gal



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



Deputación
DA CORUÑA



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INICIATIVA NACIONAL
DE ATRACCIÓN DE TURISMO

fundación **sgae**